



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ESGRIMA, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2025

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Diego Calvo Pouso, nomeado conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomea conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a Diego Calvo Pouso, e en uso das competencias establecidas no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e de conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

José Manuel Regueiro Mantiñán, presidente da Federación Galega de Esgrima, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

EXPOÑEN

1. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
2. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.





4. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir o convenio de colaboración coa Federación Galega de Esgrima para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, concretado nas actuacións recollidas neste documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade.
5. O interese público deste convenio radica, con carácter xeral, na necesidade de promover o deporte dando cumprimento ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dada a importancia que ten o deporte na sociedade actual como actividade cidadá voluntaria, como ferramenta educativa, como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico, e como elemento que contribúe ao establecemento de relacións plenas do individuo co grupo e dos grupos entre si.

Para tal efecto, as partes subscriben este convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer para o ano 2025 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Esgrima. Con este convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2025, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programas, do presente convenio.

En todo caso, e non obstante esta concreción, e dado o seu carácter estimativo, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da Federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida.

Segunda.- Financiamento e importe da axuda.

2.1. Co fin de cumprir o establecido na cláusula primeira, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes concédelle á Federación Galega de Esgrima unha subvención por un importe máximo de ata 38.402,00 € euros (trinta e oito mil catrocentos dous euros), imputables á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0, código de proxecto 2014 00066, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e co establecido no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de outubro de 2024, na cal se acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión (artigo 25 RSG), isto é, no momento da sinatura do convenio.





2.2. No suposto de que a Federación presente unha renuncia expresa por imposibilidade de realización dalgunha actividade recollida no programa "Proxectos de especial relevancia" dará lugar á perda de dereito ou reintegro da cantidade asignada, a non ser que a Federación solicite a realización doutra actividade de características similares e lle sexa expresamente autorizada pola Secretaría Xeral para o Deporte, en cuxo caso se mantería a contía da subvención.

Terceira.- Concorrenza con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Federación para a realización das actuacións obxecto deste convenio sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola Federación con motivo das ditas actuacións.

Cuarta.- Obrigas da Federación.

4.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais establecidas no convenio, son obrigas da Federación o cumprimento dos seus termos, así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos correspondentes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da documentación que se especifica no seguinte apartado, por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), para o procedemento PR954A, Convenios coas federacións deportivas galegas para a realización de programas de promoción e desenvolvemento.

Se a persoa representante da Federación presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da documentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

A achega da documentación precisada establécese conforme a Resolución do 26 de xaneiro de 2018 pola que se establece o formulario de presentación de documentación do procedemento dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións deportivas galegas para a realización dos programas de promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas.

4.3. Documentación que se debe presentar con carácter previo a sinatura do convenio:

- a) **Anexo I.-** Documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido, entre outros datos, o seguinte:
- Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou doutros organismos internacionais.
 - Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Declaración de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.
 - Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Declaración de estar cumprindo coa Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.





- Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo o **anexo VI** reflectido neste convenio.
- Declaración de que todas as persoas vinculadas á Federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2025 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade.
- Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.
- Xunto co anexo I da solicitude, deberase achegar a información da situación contable da Federación a 31 de decembro do 2024, segundo o modelo do **anexo VII**. Asemade, no suposto de que a situación contable presente situación económico financeira desfavorable, deberase de achegar un plan de viabilidade segundo o **anexo VIII**.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a súa consulta deberán achegar os seguintes documentos:

- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
- Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

4.4. Con carácter posterior á firma do convenio, a Federación estará suxeita as seguintes obrigas:

4.4.1. Obrigas de carácter xeral

- a) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción. A Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, se fose o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- b) Comunicarlle ao órgano concedente a modificación de calquera das circunstancias tanto obxectiva como subxectiva que afectase a algún dos requisitos ou parámetros tidos en conta na valoración do proxecto presentado con motivo da elaboración do convenio, especialmente ao concernente os datos introducidos na aplicación <http://fedgalicia.com>.
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, para o efecto das actuacións de comprobación e control.
- d) Presentar a documentación xustificativa da subvención recibida, de conformidade co previsto na cláusula 6.2.





- e) Dispoñer do libro de contabilidade establecido no artigo 43 da Lei 3/2012, do 2 de abril.
- f) Asegurar a presenza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en termos de presentación e comunicación das actuacións federativas e publicitarios:
- Garantir a presenza institucional da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en todas as actuacións de presentación e comunicación das actuacións federativas de carácter oficial e incluír a identidade corporativa da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e do logotipo Deporte Galego en toda a publicidade que realice a Federación, sexa por cartelaría, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluída internet para a difusión da súa actividade, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia.
Do mesmo xeito, a Federación deportiva deberá responsabilizarse da presenza institucional e publicitaria nos diferentes eventos do seu calendario, independentemente da delegación da organización destes noutra entidade deportiva, empresa privada ou calquera outro posible organizador.
 - Incluír na súa páxina web un enlace á web da Secretaría Xeral para o Deporte (<https://deporte.xunta.gal/>).
 - Incluír nas tarxetas ou licenzas federativas, expedidas con posterioridade á firma do convenio, a imaxe corporativa da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e facer constar nelas que o seguro de accidente deportivo é por conta da Secretaría Xeral para o Deporte, no caso de que a Federación estea adherida á póliza do programa XOGADE para as persoas deportistas federadas de 6 a 16 anos.
 - Nos campionatos de España nas categorías en idade escolar *Team España Future-Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (TEF-CESA)* convocados polo Consello Superior de Deportes así como nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar o equipamento (de xogo e paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- g) Presentar, antes do 30 de xullo do 2025 no Rexistro de Entidades Deportivas, as contas anuais da Federación formadas polo balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica, así como a memoria descritiva das actividades realizadas no exercicio económico 2024 (artigo 37 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas).
- h) Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- i) Transparencia.

Na páxina web da Federación deberá de existir un apartado denominado "Transparencia" onde conste, polo menos, a seguinte información:

1. Información institucional, organizativa e de planificación

A) Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (art. 51.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no art. 56 da Lei do Deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos Estatutos federativos.

B) Normativa aplicable:

- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.





- Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro.
 - Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou ou norma que a substitúa.
 - Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos, etc.)
- C) Estructura organizativa: Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos.

2. Información económica, orzamentaria e estatística

- A) Relación de contratos subscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adjudicación; procedemento de celebración; no seu caso, instrumentos a través dos cales se publicitou; número de licitadores no procedemento; identidade do adjudicatario; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de desistimento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da Federación.
- B) Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes foran inferiores a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumprimentarse trimestralmente.
- C) Relación de convenios subscritos cunha Administración Pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obrigas económicas convidadas.
- D) Neste apartado informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adjudicatarios, procedemento seguido para a adjudicación e importe da mesma.
- E) Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.
- F) Orzamentos federativos, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.
- G) Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.
- H) Retribucións anuais (soldos e dietas), de xeito individualizado, dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoureiro/a, Director/a Técnico/a e demais membros dos órganos da Federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

4.4.2. Obrigas de carácter específico

- a) Executar o reflectido na ficha I de reparto orzamentario por programas.





- b) Comunicarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de 5 días contados desde a obtención do resultado, os campións galegos e demais resultados importantes en competicións nacionais e internacionais acadados por deportistas con licenza federativa galega, así como calquera outro considerado de especial relevancia.
- c) Incrementar a práctica da súa modalidade deportiva no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, así como promover o incremento de clubs adscritos á Federación e de licencias deportivas desta.
- d) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. En consecuencia, os premios que conceda a Federación ás persoas deportistas seranlles outorgados en condicións de igualdade por razón de xénero, e non poderá incluírse nos calendarios oficiais probas ou competicións nos que non se garanta a referida igualdade.
- e) Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva desta Federación.
- f) Colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 3 de abril.
- g) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar.
- h) Incrementar o nivel deportivo dos deportistas galegos e os seus resultados de participación en competicións nacionais e internacionais, mediante a posta en marcha de plans de tecnificación necesarios para tal fin e adaptados ás necesidades dos nosos deportistas.
- i) A participación dos equipos e deportistas da Federación nas diferentes competicións e concentracións nacionais convocadas pola Federación Española.
- j) A realización dos campionatos galegos e competicións de ámbito autonómico que garanten a práctica da modalidade deportiva, tendo especial interese naquelas competicións de categorías inferiores encamiñadas ás persoas deportistas en idade escolar. Os campionatos galegos, copas de Galicia e similares, denominaranse "Campionato Xunta de Galicia" e **neles garantirase que os trofeos sexan entregados pola máxima autoridade representada pola Xunta no recinto do evento.**
- k) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- l) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- m) Cumprir co establecido na Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- n) Velar polo cumprimento por parte das entidades deportivas afiliadas á Federación, das obrigas establecidas con motivo da lexislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.
- o) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar.
- p) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.





- q) Comunicarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a intención de solicitar calquera competición de carácter nacional ou internacional, de acordo co disposto no artigo 20 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia. Así mesmo comunicaranse as datas e sedes de celebración dos campionatos galegos e outros eventos de relevancia (de carácter nacional ou internacional), con polo menos dúas semanas de antelación, incluíndo **as presentacións**, os actos públicos e de comunicación relativos á súa presentación, garantindo a presenza institucional nestes eventos a través da oportuna comunicación á Secretaría Xeral para o Deporte.

Quinta.- Pagamento.

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do noventa por cento (90%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio previa solicitude por parte da Federación. A Federación remitirá a Ficha I na que determinará o importe do anticipo solicitado, xustificando, no suposto de que se solicite o 90%, a súa necesidade para a viabilidade do obxecto do Convenio.
- Un segundo pagamento, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo.

Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.

Non procede a constitución de garantías con base no disposto no artigo 65.4, apartado f), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que exime da obriga de constituír garantías aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro (entre os que se inclúen ás federacións deportivas, de conformidade co establecido no artigo 51.1 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia).

Sexta.- Xustificación da subvención.

6.1. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación dos pagamentos nos prazos fixados a continuación:

- a) A xustificación do 50% do importe do convenio ata o 31 de xullo de 2025. No suposto de que o primeiro pagamento sexa inferior a ese 50%, o importe da xustificación corresponderase co importe do anticipo recibido.
- b) A xustificación da porcentaxe restante do importe total do convenio, ata o 15 de decembro de 2025.

Se transcorresen estes prazos sen que a Federación presentase a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días a achegue. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará a apertura dun expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6.2. Documentación que se debe entregar.





6.2.1. Na xustificación a presentar ata o 31 de xullo, a Federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo II.- Relación do material da Federación de carácter inventariable tanto deportivo como de outro tipo, indicando o estado de conservación e localización.
- b) Anexo III.- Relación de documentos e declaracións para a xustificación do 1º anticipo e a solicitude do segundo anticipo no seu caso.
- c) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- d) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados. As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I deste convenio referida ao reparto orzamentario por programa.
- e) Memoria económica explicativa dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- f) Acreditación do cumprimento de publicidade do financiamento da Federación a través de fondos públicos, mediante unha declaración adecuada que diga "*Financiado pola Xunta de Galicia-Secretaría Xeral para o Deporte, a través do Convenio de colaboración coas federacións deportivas galegas para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025*", e da aplicación pública da imaxe corporativa da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte, esta última a través do logotipo Deporte Galego, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.
- g) Anexo VI (Cumprimento obrigas transparencia)

6.2.2. Na xustificación do segundo pagamento, ata o 15 de decembro, a Federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- b) Anexo V.- Relación de documentos e declaracións para a xustificación do segundo pago.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados. As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se lle atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I deste convenio referido ao reparto orzamentario.
- d) Memoria económica explicativa dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento de publicidade do financiamento da Federación a través de fondos públicos, mediante unha declaración adecuada que diga "*Financiado pola Xunta de Galicia-Secretaría Xeral para o Deporte, a través do Convenio de colaboración coas federacións deportivas galegas para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade*





deportiva para o ano 2025”, e da aplicación pública da imaxe corporativa da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte, esta última a través do logotipo Deporte Galego, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

f) Anexo VI (Cumprimento obrigas transparencia)

6.3. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000,00 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor.

6.4. No caso de facturas de importe igual ou superior aos 15.000,00€ (excluído o IVE) deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que realicen as actividades obxecto do gasto ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do convenio. Os orzamentos deberán solicitarse e estar datados con anterioridade á contratación levada a cabo pola Federación. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6.5. De conformidade co artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, a Federación poderá delegar nun club deportivo a organización total o parcial dunha actividade deportiva ou competitiva, en cuxo caso este último terá igualmente a consideración de beneficiario. A xustificación económica das actividades realizadas polos clubs efectuarase a través da federación na que se integren. A Federación, para xustificar os gastos nos que incorra o club, deberá achegar a seguinte documentación:

1. Convenio de colaboración co club no que conste expresamente que este último actúa por conta e representación da Federación, para os efectos da subvención, e no que se concrete a actividade a desenvolver polo club.
2. Acreditación de que o club reúne os requisitos previstos polo artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Memoria asinada polo representante legal do club detallando todas as actividades realizadas e o custo de cada unha delas, acompañada das correspondentes facturas así como dos xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada.
4. No caso de facturas de importe igual ou superior aos 15.000,00€ (excluído o IVE) será de aplicación a previsión da cláusula 6.4 para os gastos no que incorra o club.

6.6. Os gastos consistentes en custos laborais, empregados na xustificación desta subvención, quedan suxeitos ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores da Federación e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).
- b) Os custos laborais unicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
 - No programa de Gastos xerais de funcionamento: os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
 - No programa de Tecnificación no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) os correspondentes a persoal técnico ou adestrador con contrato a xornada completa. A xustificación deberá ir acompañada do contrato, nóminas e xustificación bancaria de pago.
 - Nos programas de Actividade deportiva ordinaria e Os Ánxeles 2028, de ser o caso, os custos laborais correspondentes a persoal técnico, adestrador e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo das persoas deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc) previamente asinados a cada programa.





- c) A xustificación dos custos laborais necesariamente está condicionada ás declaracións da persoa representante de que as persoas traballadoras cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores.

6.7. Gastos por desprazamento, manutención e aloxamento.

- a) Os importes máximos subvencionables por gastos de manutención, aloxamento e desprazamento, sen prexuízo de que se lles aboen ás persoas traballadoras os importes previstos na regulación que lles sexa de aplicación, serán os previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o grupo II, modificado por varios decretos posteriores (96/2011, do 5 de maio, e 144/2008, do 26 de xuño), establecendo:
- Manutención completa: 44,09 €
 - Media manutención: 22,04 €
 - Aloxamento: 77,78 €
 - Quilometraxe en vehículo particular: 0,26 € / km
- b) Cando se presenten facturas que excedan destas cantidades, soamente será xustificable o importe establecido no decreto citado anteriormente.
- c) Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.
- d) A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte, e incluírá en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e o documento acreditativo do seu pagamento.

6.8. Gastos asociados ao uso de vehículos federativos.

- a) No caso de que se imputen gastos de vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) a Federación deberá achegar con cada xustificación, na memoria económica explicativa, a relación todos os vehículos federativos, detallando a que programas se imputarán os seus gastos. Se estes gastos son imputados a máis dun programa debe indicar que porcentaxe de imputación corresponde a cada un.
- b) No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do vehículo federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible, estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas. No caso de facer os pagamentos con tarxetas bancarias federativas vinculadas a unha persoa concreta, a xustificación debe vir acompañada dunha certificación asinada polo secretario co visto e prace do presidente onde se relacionen as tarxetas de crédito vinculadas a contas da Federación e os seus usuarios. Ademais, para cada desprazamento pagado deste xeito, deberá achegar unha certificación onde se especifique claramente cal é o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos.

6.9. Para pagos realizados con tarxetas.

Se os pagamentos das facturas xustificativas da subvención se realizan cunha tarxeta bancaria vinculada a unha conta da entidade beneficiaria, deberase de aportar comprobante de pago coa tarxeta xunto coa documentación bancaria do cargo realizado. De tratarse de gastos vinculados a desprazamentos,





manutención e aloxamento, deberase achegar unha certificación da Federación onde se especifique claramente no caso de desprazamentos, o lugar de destino, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos.

6.10. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro do 2025.

Non obstante, segundo o establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a acreditación do gasto relativo ás nóminas, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre realizarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que respondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso a acreditación do pagamento previo por parte de beneficiario.

En relación aos gastos relativos a nóminas, cotizacións á seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, aos que fai referencia o parágrafo anterior, o beneficiario está obrigado a acreditar o efectivo pagamento de ditos gastos con anterioridade ao 15 de febreiro do 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. No caso de que o importe de subvención percibida polo beneficiario por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. No caso de que o importe de subvención percibida polo beneficiario por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será a conta do beneficiario.

Sétima.- Gastos subvencionables.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa:

7.1. No programa **Gastos xerais de funcionamento:**

- a) As remuneracións do persoal da Federación, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
- b) Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable, sistemas de comunicación e difusión ou similar.
- c) Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións e comités técnicos ou similares. Non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa.
- d) Gastos da sede federativa: alugamento, pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
- e) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, e outros produtos de limpeza e desinfección, da realización de test, ou de medidas de seguridade e prevención da COVID-19, como a marcade de zonas, a identificación de asentos ou sinalizacións.
- f) Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, fax).





- g) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (alugueiro ou renting, seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) que se imputen ao programa de gastos xerais.
- h) Comunicacions: páxina web, teléfono, internet, fax, mensaxería.
- i) Gastos bancarios: Gastos de póliza de créditos ponte.
- j) Seguros da sede, seguros de responsabilidade civil e outros seguros necesarios para levar a cabo o obxecto deste convenio

7.2. No programa **Tecnificación e Rendemento no CGTD.**

- a) As remuneracións do persoal técnico asociado a este programa e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes as persoas adestradoras con contrato.
- b) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (alugueiro ou renting, seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros, ...) asociados este programa.
- c) Gastos en desprazamentos: recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas e adestradores incluídos neste programa derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións.
- d) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, etc. e gastos derivados da realización de test de detección da COVID-19.
- e) Gastos derivados do pago de licenzas á Federación española e gastos de inscrición de deportistas en probas e campionatos.

7.3. No programa **Team España Future-Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (TEF-CESA) convocados polo Consejo Superior de Deportes (CSD)**

- a) Gastos do desprazamento para asistir aos Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (CESA) convocados polo CSD: Recolle os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas, adestradores, oficiais e árbitros ou xuíces segundo a composición numérica e os criterios establecidos polo CSD nas "*Normas xerais de organización*".
- b) Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva das persoas deportistas incluídas no programa.
- c) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, doutros produtos de limpeza e hixiene, e gastos derivados da realización de test de detección da COVID-19.
- d) Gastos derivados do pago de licenzas á Federación española e gastos de inscrición de deportistas en probas e campionatos.

7.4. Nos programas **Actividade deportiva ordinaria e Los Ángeles 2028:**

- a) As remuneracións do persoal técnico (asociado a cada un dos programas), e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o director técnico, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista...).





- b) Alugueiro, mantemento, consumos auga, electricidade, gas, e alimentación dos deportistas e adestradores asociados a cada un destes programas.
- c) Gastos en desprazamentos: recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas e adestradores incluídos en cada programa derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións.
- d) Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva das persoas deportistas incluídas no programa.
- e) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, dispensadores de xel e outros produtos de limpeza e desinfección, gastos derivados da realización de test de detección da COVID-19 e gastos derivados da implementación doutras medidas de seguridade e de prevención da COVID-19 (marcaxe de zonas, identificación de asentos, carteis de mensaxería, etc.) .
- f) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) asociados a cada programa.
- g) Gastos derivados do pago de licenzas á Federación española e gastos de inscrición de deportistas en probas e campionatos.
- h) Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos.
- i) No programa "Los Ángeles 2028": os custes salariais (salarios, IRPF, Seguridade social) do adestrador responsable do grupo e os gastos derivados da actividade dos deportistas integrados neste programa.

7.5. No programa **Actividade deportiva de promoción**, que inclúe actuacións en idade escolar, de promoción do xénero menos representado e de inclusión de deportistas con discapacidade:

- a) Gastos derivados da organización das actividades levadas a cabo en cada unha das actuacións: arbitaxes, alugueiro de instalacións ou material deportivo específico, material deportivo (non inventariable), ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas, equipamento, sistemas de comunicación e difusión , ou outro material que se considere de necesidade para o seu desenvolvemento.
- b) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, dispensadores de xel e outros produtos de limpeza e desinfección, e gastos derivados da implementación doutras medidas de seguridade e de prevención da COVID-19 (marcaxe de zonas, identificación de asentos, carteis de mensaxería, etc.)
- c) Gastos derivados do pago de licenzas á Federación española e gastos de inscrición de deportistas en probas e campionatos.
- d) Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento das actividades.
- e) No caso de subscribir un convenio para a organización con outra entidade, teranse en conta os pagos derivados da delegación parcial ou total da organización, sempre que estean desagregados os conceptos de gastos e enténdanse estes concordantes co convenio asinado entre Federación e a entidade así como cos gastos subvencionables aquí recollidos.





7.6. No programa **Proxectos de especial relevancia:**

Gastos derivados da organización e execución do proxecto. Os importes asignados aos proxectos deste programa terán carácter finalista.

Oitava.- Gastos non subvencionables.

8.1. Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos sobre a renda das persoas física e xurídicas.
- f) Gastos de relacións públicas e representación.
- g) Remuneración e cotización do presidente da Federación.
- h) Material de publicidade e propaganda propios da Federación.
- i) Premios en metálico ou obsequios a deportistas ou outros membros da Federación.
- j) Publicacións propias (anuario, revistas...).
- k) Compra de bens destinados á venda.
- l) Outros gastos sociais.
- m) Atencións persoais.
- n) Gastos en galas ou celebracións.
- o) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- p) En relación coas axudas de custo, en ningún caso se poderán tramitar cando xa se tivesen cuberto os gastos de desprazamento, aloxamento e alimentación. Tampouco serán gastos subvencionables as axudas de custo emitidas ás persoas asembleístas con motivo da asistencia ás asembleas da Federación nin desprazamentos ordinarios á sede federativa dos membros da xunta directiva.
- q) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- r) Os billetes emitidos e non utilizados.
- s) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, minibar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da Federación.





- t) Imposto sobre sociedades.
- u) Diñeiro en metálico a conta.

8.2. Ademais dos indicados anteriormente, quedan excluídos da posibilidade de subvención con fondos procedentes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, salvo motivación escrita da Federación e posteriormente autorizada pola secretaría, os seguintes gastos:

- a) Axudas económicas a deportistas. Poderase excepcionalizar aquelas autorizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte previa solicitude e entrega por parte da Federación do obxecto da axuda así como dos criterios aplicables para a súa concesión. Estas bolsas deberán ser de igual contía e natureza para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- b) Axudas económicas a entidades. Poderase excepcionalizar aquelas autorizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte previa solicitude e entrega por parte da Federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.

Novena.- Comisión de seguimento e interpretación.

Para o seguimento do grao de execución do convenio e a proposta de solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes:

- Tres representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, designados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Dous representantes da Federación Galega.

Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán ser resoltas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, corresponderá á Comisión de seguimento o estudo das posibles modificacións do convenio propostas polas partes, que se formalizarán a través das correspondentes addendas.

Décima.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

A vixencia deste convenio estenderase dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2025 ata o 15 de decembro do mesmo ano.

Son causas de resolución do convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O mutuo acordo entre as partes.

Décimo primeira.- Supostos de reintegro.

No caso de que a Federación incumprise o disposto neste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes revogará total ou parcialmente a subvención concedida.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ante a constatación do incumprimento do disposto neste convenio ou dalgunha obriga en concreto, previo requirimento por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, convocarase á Comisión de seguimento aos efectos de que na mesma se realice o trámite de audiencia do interesado. Logo do trámite de audiencia determinarase o incumprimento e a cuantificación da revogación total ou parcial da subvención concedida. Nos supostos do incumprimento do disposto nos apartados 4.4.1.f) e 4.4.2.j) e q) fíxase a contía a revogar entre un 1% e o 5% do importe total do convenio.

Décimo segunda.- Notificacións

13.1 As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

13.2 As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

13.3 As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

13.4 Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos demais medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

Este convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao convenio seralle de aplicación a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Ademais seralle de





aplicación supletoriamente a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e de rexistro na Base de Datos Nacional de Subvencións.

En proba de conformidade asíñase o presente no lugar e data arriba indicados.

**O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes**

**O presidente da Federación Galega de
Esgrima**

Diego Calvo Pouso

José Manuel Regueiro Mantiñán

